

## **PROGRAMACIÓN DE AULA: “4 ANOS A” DE ESFARRAPADA**

### **CONTEXTUALIZACIÓN**

Esta programación vai destinada a grupo de 5º de educación infantil, 4 anos, escolarizado nunha das aulas do edificio de Esfarrapada, situado no Concello de Salceda de Caselas, máis concretamente na parroquia de Santa María, sendo a súa área de afluencia o centro da vila.

Trátase dun grupo de 18 alumnos: 9 nenos e 9 nenas que ao longo do ano 2021, cumprirán os 4 anos de idade. A lingua materna que predomina no grupo é o castelán e a maioría das familias, (11 familias) optaron por unha ensinanza en valores, fronte ás 7 familias que matricularon aos seus fillos/as na materia de relixión católica. A maiores da especialidade de relixión, no grupo aula, imparten docencia os seguintes especialistas: educación física, inglés e música. Cabe destacar que contarase ao longo do curso con mestres de apoio en educación infantil, así como a atención das mestras especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica co fin de facer efectiva a atención individualizada de todo o alumnado.

### **OBXECTIVOS:**

Co fin de facer efectiva a principal finalidade da etapa de educación infantil: “contribuír ao desenvolvemento harmónico e integral de todas as capacidades que integran a personalidade do neno ou da nena”, establécense unha serie de obxectivos didácticos para súa elaboración cabe destacar que, tal e como sinaléi, trátase dun grupo de 4 anos, que xa estivo escolarizado no curso anterior neste centro, compartindo aula, polo que moitas das aprendizaxes comezadas no curso pasado constituirán un punto de partida para as que se realizarán ao longo dos vindeiros meses.

A continuación establezo os obxectivos didácticos xerais que pretendo alcanzar unha vez finalizado o curso escolar. Non os clasifico segundo as áreas curriculares, xa que un mesmo obxectivo pode estar incluído en varias delas, polo que se traballarán de xeito globalizado para adaptarme así ás características psicolóxicas do alumnado:

- Continuar coa adquisición de hábitos e actitudes relacionados co benestar e a seguridade persoal, a hixiene e o fortalecemento da saúde.
- Adquirir e afianzar progresivamente unha imaxe positiva de si mesmo, identificando as súas características e descubrindo as súas posibilidades de acción, así como respectar as características dos outros e valoralas sen actitudes de discriminación.
- Realizar de xeito cada vez máis autónomo actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá, de modo que se adquiran aprendizaxes significativos que poidan ser utilizados na vida diaria e non soamente no ámbito educativo.
- Realizar investigacións sinxelas sobre os temas a traballar na aula, de modo que sexan froito de debate e convivencia cos iguais e adultos, aprendendo a colaborar para conseguir un mesmo fin.
- Relacionarse cos demais, interiorizando pautas de comportamento e axustando a súa conduta, así como exercitarse na resolución de conflitos, co fin de acadar unha socialización plena.
- Adquirir progresivamente coñecemento lóxico-matemático, e lecto-escritor, por medio de recursos innovadores como EDI, robótica...
- Participar nas actividades que se realicen no aula, valorando o coidado dos materiais e o respecto polo traballo dos demais. interiorizando as normas que rexen.
- Valorar, respectar e coidar tanto o entorno físico e natural como o social, desenvolvendo actitudes de coidado, responsabilidade e respecto cara o entorno e cara os iguais e adultos que interveñen na vida diaria, tanto dentro como fora do centro escolar, establecendo relación afectivas e respectando a diversidade e características intrínsecas de cada persoa.
- Dotar ao alumnado de instrumentos e estratexias necesarias para poder ser críticos coas situacións que lle rodean e que se presentan a diario, sendo autónomos na toma de decisións para poder facer fronte a novas e descoñecidas situacións.

## **CONTIDOS:**

Os obxectivos establecidos no apartado anterior, van ser desenvolvidos por medio dunha serie de contidos, para os cales teño en conta o enfoque globalizador da etapa, establecendo contidos de diferente natureza, así como das diferentes áreas curriculares. Tanto os obxectivos como os contidos serán enmarcados unha vez que se establezan os centros de interese que se van a traballar, estes serán determinados segundo os intereses do alumnado. Asemade terase en conta, para levar a cabo a práctica docente, o proxecto establecido dende Biblioteca Escolar para este curso académico: “A volta o mundo”.

O establecemento de unha metodoloxía baseada en centros de interese significativos para o alumnado da resposta a que non se utilicen libros de texto para realizar a docencia, dado que en todo momento se respecta os intereses do alumnado para ser punto de partida de novas aprendizaxes.

## **ACTIVIDADES:**

Os aspectos especificados nos apartados anteriores, os nenos e nenas vannon a adquirir grazas á intervención educativa, a cal concrétese en último termo nas actividades que desenvolven o proceso de ensino-aprendizaxe, polo tanto estas están deseñadas para lograr a consecución dos obxectivos propostos. Para a súa programación pártese dos coñecementos previos do alumnado, conectando cos seus intereses, motivacións e necesidades para axudarlles no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento. O establecemento de unha metodoloxía baseada en centros de interese significativos para o alumnado da resposta a que non se utilicen libros de texto para realizar a docencia, dado que en todo momento se respecta os intereses do alumnado para ser punto de partida de novas aprendizaxes

As actividades deseñadas serán motivadoras e significativas, favorecerán a interacción nun clima acolledor, seguro e cálido, determinando para cada unha delas os espazos, tempos e materiais precisos.

Participaremos como grupo-clase nas diferentes actividades organizadas por parte do centro, ANPA, Concello ou entidades colaboradoras que vaian xurdindo ao longo do curso, conformando así un núcleo motivador para os pequenos/as.

Antes de continuar, e tendo en conta o analizado no segundo apartado deste documento, é imprescindible indicar que ao longo das primeiras semanas de curso estableceranse actividades que sirvan ao alumnado para retomar lazos afectivos, tanto cos/oas compañeiros/as como cos adultos que interveñen na aula, así como para habituarse de novo as tarefas e rutinas derivadas da situación de pandemia: hixenización de mans, distancia de seguridade.. en todo o momento priorizarase que todos/as sintan a escola como un lugar seguro, todo elo nun ambiente lúdico e cálido.

Ao longo de todo o proceso terase especial atención educación en valores e emocional, que impregnará toda a práctica educativa. Nesta programación potenciarase a transmisión de valores que favorezan a “liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidarizade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.” O seu tratamento é o único xeito de alcanzar un desenvolvemento integral do alumno e ao mesmo tempo a sociedade demanda, cada vez máis, un papel activo da escola na implantación dunha nova orde de valores.

### **AVALIACIÓN:**

A avaliación é un elemento curricular máis que se debe ter en conta nesta etapa, xa que nos permite medir o grao de desenvolvemento das capacidades dos nenos e o noso labor como docentes. Son susceptibles de avaliación todos os elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe e non só os alumnos, polo tanto os ámbitos que se han de avaliar son: organización da aula e interacción entre o alumnado, coordinación entre profesionais e coherencia entre os ciclos, regularidade e calidade da relación e participación das familias,

adecuación da proposta pedagóxica e da planificación, adecuación da metodoloxía na contribución da adquisición das competencias básicas e a evolución no proceso de aprendizaxe do alumno. Os criterios de avaliación que serven como referencia son os establecidos nos boletíns de avaliación trimestrais coa finalidade de obter maior coherencia no proceso educativo.

Tendo en conta o establecido na Orde 25 de xuño de 2009, a avaliación será global, continua e formativa, e realizarase por medio da observación directa e sistemática, tanto das producións do alumnado como as entrevistas coas familias.

A avaliación realizarase en tres momentos esenciais ao longo do curso: avaliación inicial, que se realizará tanto ao inicio da escolarización, como naqueles momentos nos que se inicien aprendizaxes significativos, de modo que sirva para coñecer o punto de partida dos nenos e nenas e poder determinar os seus coñecementos previos e establecer os obxectivos que conforman esta programación. Ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe terase en conta unha avaliación continua, co fin primordial de coñecer tanto os avances como as dificultades que presenta o alumnado e, de este modo, poder realizar as modificacións oportunas co fin de adaptarse mellor as capacidades e necesidades do grupo-aula. Para rematar, realizarase unha avaliación final co fin de poder determinar aqueles coñecementos, procedementos, obxectivos, actividades... que foron semente de progresos no alumando, así como aqueles que non obtiveron os resultados inicialmente esperados.

### **METODOLOXÍA:**

Cabe indicar que pártese dos principios metodolóxicos establecidos no Decreto de currículo. A metodoloxía de traballo céntrase no traballo por proxectos, secuencias de aprendizaxe, talleres... de este modo satisfácese máis axeitadamente os intereses dos/as alumnos/as, facendo unha educación centrada no/a alumno/a, dando resposta as súas inquedanzas e intereses principais, de modo que se consegue unha maior motivación, que facilita que as aprendizaxes se automaticen de xeito máis rápido, así como que sexan máis duradeiras. En todo momento parto dos esquemas previos dos/as

alumnos/as, para que por medio das actividades avancen nos seus coñecementos, adquirindo aprendizaxes significativos e funcionais, que podan ser utilizados na vida diaria. Realizo propostas que lles fagan pensar, imaxinar, establecer hipóteses e comprobar os resultados finais. Terase en conta diversas metodoloxías co fin de que o alumnado se inicie na adquisición de coñecementos relacionados coa lóxica matemática, lectoescritura, linguaxe, habilidades sociais, como o uso de robótica, tableta... sempre tendo en conta as características de uso derivadas da situación de pandemia.

En todo momento, tense en conta que en moitas ocasión os eixes de aprendizaxe non poden ser programados e determinados con anterioridade, pois a súa planificación vai depender das inxerencias do grupo-aula, polo que un tema que nun primeiro momento pode parecer moi motivador para os/as pequenos/as, pasadas determinadas sesións poden perder o interese e non ser eficaz a súa continuación no tempo, sendo necesario por punto e final a dito proxecto. De xeito inverso un proxecto ou secuencia didáctica que se prevé, nun primeiro momento, levala a cabo durante un período de tempo breve, pode resultar de gran interese e consecuentemente ser necesario reformular os obxectivos previamente establecidos co fin de dar resposta aos intereses do grupo. Polo tanto, cada certo tempo será necesario levar a cabo unha revisión dos obxectivos iniciais establecidos nesta programación, avaliando se xa foron adquiridos ou non polo alumnado co fin de garantir o respecto cara os ritmos individuais e grupais de aprendizaxe. Indicar tamén que en todo momento manteño unha estreita relación e coordinación co resto de profesorado que traballa co grupo clase, co fin de seguir unha mesma liña de actuación que motive aos nenos/as e non se sintan perdidos/as nas súas aprendizaxes.

En todo momento establezo a aula como espazo aberto a participación das familias, xa sexa por medio de propostas que teñan a súa orixe na escola, como propostas que xurdan das familias, xa que considero que de esta forma fomentase a relación familia-escola, e os/as nenos/as observan unha continuidade nas súas aprendizaxes. Dada a situación actual derivada pola pandemia COVID-19, as familias non poderán asistir ao centro a facer actividades co grupo, sen embargo, por medio de abalar móbil, correo

electrónico da aula, poderán facer as súas suxestións, aportacións de actividades para poder ser desenvoltas na aula polo grupo de mestres.

É importante indicar que ao longo de todo o curso establecerase unha comunicación fluída coas familias sendo as principais ferramentas de comunicación o correo electrónico e a aplicación abalar móbil. Antes do comezo da actividade lectiva, realizarase unha reunión xeral e presencial coas familias, co fin de establecer novas pautas de actuación derivadas da pandemia, así como lembrar normas de organización do centro e da aula. No transcurso das primeiras semanas de setembro estableceranse reunións con determinadas familias co fin de coñecer avances e novidades que tiveran lugar ao longo do verán. A primeira hora dos martes pola tarde, dedicarase á atención ás familias, podendo solicitar titorías tanto por partes de elas, como por parte do centro.

### **ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS:**

Co fin de organizar os diferentes espazos que se conforman dentro da aula, tense en conta o establecido no protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 do centro.

A aula conformase como un grupo de convivencia estable, e este divídese en catro grupos colaborativos, dous de eles formados por catro nenos/as e outros dous por cinco nenos/as. Os grupos colaborativos entre si manterán unha distancia de un metro e medio respecto aos outros grupos dentro do grupo estable.

O espazo escolar vai permitir ao neno situarse nel e sentilo seu, relacionarse coas persoas e cos obxectos. A distribución do espazo facilita os desprazamentos con seguridade e a manipulación de obxectos para lograr unha axeitada orientación e acomodación espacial.

Cada grupo colaborativo posúe un espazo propio onde se atopan diversos materiais: contos, quebracabezas, plastilina e xoguetes, e xogos manipulábeis e de conceptos, que serán levados a cada mesa para poder ser utilizados e serán desinfectados ao final de cada uso. Doutra banda nun espazo da aula atópase o material individual de cada neno/a: pinturas, rotuladores e lapis, todo debidamente gardado para non ser compartido co resto de compañeiros/as.

A distribución inicial do espazo pode sufrir modificacións ao longo do curso co fin de adaptarse mellor as características do grupo e da pandemia.

### **ORGANIZACIÓN DO TEMPO:**

A distribución do tempo é flexible, respectando os ritmos individuais dos/as nenos/as. Establécense unha serie de rutinas básicas que se repiten ao longo do curso e que axudan ao alumnado a estruturarse temporalmente sabendo que é o que teñen que facer en cada momento do día e ao mesmo tempo axudarlles na estruturación do seu pensamento. A labor docente, encamiñárase a motivar aos/as nenos/as para que adquiran aprendizaxes, e sexan capaces de continualas autonomamente.

Ao longo da xornada establécense diferentes momentos para levar a cabo tarefas de hixiene e desinfección, como desinfección de calzado e hixiene de mans á entrada no centro, lavado das mesmas antes de merendar e en diversos momentos da xornada, así como momentos para acudir ao lavabo de xeito conxunto. Así mesmo, establécense ao longo da xornada tempos para a desinfección de mesas, materiais...

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

En canto á atención á diversidade, tense en conta en todo momento as orientacións do Departamento de Orientación. Esta atención non só se centra no alumnado que presentan dificultades, senón que darase resposta á complexidade de intereses, problemas e necesidades que se dan na realidade educativa e así contribuír a compensar desigualdades e facer efectivo o principio de equidade, polo cal se garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación, actuando como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais con especial atención ás que deriven de discapacidades. Esta aceptación da diversidade, supón realizar unha análise e reflexión sobre os alumnos aceptando que cada un deles ten os seus propios intereses, capacidades e necesidades. Polo tanto é necesario a utilización de estratexias educativas que garantan a atención á diversidade da aula, como: adaptar os tempos das



actividades ao ritmo de cada neno, adecuación da axuda pedagóxica segundo os resultados obtidos na avaliación, adecuar a metodoloxía ás necesidades, así como adecuar as actividades, materiais... ás diferenzas individuais. Ao longo do curso, diversos alumnos realizarán un traballo específico cos mestres de PT e de AL, cos que se manterá unha estreita comunicación co fin de garantir liñas de actuación comúns. É preciso ter especial atención a aquel alumnado que acude a terapias e reforzos fóra do centro educativo, polo que se manterá unha especial comunicación cos diversos gabinetes que atenden a este alumnado. Doutra banda o traballo cos mestres de apoio na aula será determinante para facer efectiva a atención aos diversos ritmos que presenta o grupo-aula.

### **ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA ALTERNATIVA Á RELIXIÓN**

O propósito principal é que os nenos e as nenas reflexionen acerca das situacións da vida cotiá no fogar, la escola e na comunidade, desenvolvan habilidades e formen actitudes para crear e recrear permanentemente un código ético mediante as relacións e interaccións cos outros nenos e adultos. Consegúrase facer efectivo dito principio por medio do traballo de contos, curtametraxes, materiais sensoriais diversos, dinámicas de grupo... que favorezan a interiorización de valores e actitudes por parte do alumnado.

### **PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA EN ESCENARIOS DIFERENTES**

#### **AO PRESENCIAL**

No referido á atención educativa do alumnado da aula de 4 anos A nos escenarios que impliquen unha atención diferente da establecida con carácter xeral para o ensino presencial, seguirase o establecido no apartado correspondente da PXA: "PLANIFICACIÓN DA LABOR EDUCATIVA NOS DIFERENTES ESCENARIOS."

Como conclusión indicar que esta programación ten como obxectivo o lograr que os nenos adquiran unha serie de capacidades, polo que ten un carácter aberto, sendo susceptible de calquera cambio ao longo do curso, para poder responder ás diferenzas individuais.

